

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE FEBREIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lugo da estrada provincial LU-P-2911 denominada rúa Fermín Rivera.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se aproba a prórroga para o ano 2022 do IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2022.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico de Galicia, por importe total de seiscentos trinta mil euros (630.000,00 €).

## VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación e melloras tecnolóxicas en industria cárnica, promovido por Novafrigsa, S.A.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a determinación do financiamento desta entidade no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Acordo polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para a determinación do financiamento desta entidade no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Acordo polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a determinación do financiamento desta entidade no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de setecentos trinta e nove mil douscentos euros (739.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de dezaseis mil oitocentos euros (16.800,00 €).

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por un importe total de trinta e seis mil setecentos vinte euros (36.720,00 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de contrastes radiolóxicos para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de licitación de oito millóns nove mil seiscentos doce euros (8.009.612,00 €) e un valor estimado de vinte e tres millóns cento catro mil seiscentos cincuenta euros (23.104.650,00 €) incluídas prórrogas e modificación.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe formación profesional curso 2021/22.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS614B).
- Informe sobre a gratuidade das escolas infantís municipais.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2022 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS E ESTIMA INVESTIMENTOS POR MÁIS DE 15 M€ NA PRÓXIMA DÉCADA**

- Convértese no sexto parque galego en contar cun instrumento propio de ordenación co que garantir un estado de conservación favorable dos hábitats e das especies de flora e fauna de interese existentes neste territorio, facendo compatible este obxectivo coas distintas actividades económicas e sociais que se desenvolvan nel
- Coa nova zonificación, dúas terzas partes do parque do Xurés terán un alto grao de protección ou usos limitados en atención á riqueza dos seus valores e singularidade
- O documento desenvolverase a través de catro programas de actuación centrados na protección dos seus valores naturais, paisaxísticos e culturais, na promoción da investigación no territorio, na xestión do uso público para goce dos seus visitantes e na mellora e mantemento das infraestruturas e equipamentos do parque natural
- A previsión é que este ano se poida avanzar tamén no Plan reitor das Fragas do Eume para culminar o proceso de actualización normativa destes espazos naturais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, un documento de planificación e ordenación deseñado para garantir a conservación dos valores, hábitats e especies de flora e fauna polos que este territorio acadou o seu actual nivel de protección.

O obxectivo principal deste instrumento é buscar un equilibrio que compatibilice a preservación dos recursos naturais coas distintas actividades económicas e sociais que se poidan desenvolver nel.

Neste sentido, ao investimento previsto no propio PRUX para financiar distintas liñas de actuación nos vindeiros 10 anos —2 millóns de euros—, hai que sumar o orzamento estimado que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinará á conservación e posta en valor deste parque a través da concesión de axudas —liñas para parques naturais e para reservas de biosfera—, da execución de proxectos como a rehabilitación do centro de Interpretación ou dos gastos do persoal adscrito ao mesmo, mobilizando en total máis de 15 millóns de euros.

Coa aprobación definitiva do PRUX do Xurés, por tanto, dáse un paso clave de cara a lograr que este mesmo ano os seis parques naturais e o único parque nacional de Galicia dispoñan dun instrumento propio de xestión e protección, deseñados acorde coas características e necesidades específicas de cada un deles e chamados a clarificar nun

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mesmo documento as posibilidades de actuación de todos os axentes implicados nestes espazos, a través da regulación das actividades e dos usos permitidos.

Para cumprir con estes obxectivos, o novo PRUX vén modificar e actualizar a zonificación do parque ourensán recollida no Plan de ordenación dos recursos naturais do ano 2009 para, por un lado, harmonizala á do resto de espazos recoñecidos con esta figura e, por outro, axustar os límites de cada zona en busca da compatibilidade entre a conservación dos recursos naturais e as distintas actividades que se desenvolven neles.

Deste xeito, propónse dividir a superficie do espazo natural en catro grandes áreas: a zona I de reserva, que inclúe aqueles espazos que requiren dun alto grao de protección; a zona II de uso limitado, constituída por áreas que requiren dunha maior protección por albergar valores naturais de excepcional rareza, interese ou fragilidade; a zona III de uso compatible, en que se inclúen ámbitos cun valor de conservación medio por integrar no territorio certo nivel de humanización, principalmente por actividades tradicionais agrícolas e plantacións forestais tamén tradicionais; e a zona IV, de uso xeral, cun importante nivel de urbanización e que inclúe os núcleos rurais e as vías asfaltadas.

As dúas primeiras, coincidentes con aqueles espazos de alto valor natural e paisaxístico e, por tanto, con maiores necesidades desde o punto de vista da protección, abranguen dúas terceiras partes do territorio do parque natural —concretamente, o 65,7 %—. Un dato que reflicte que no PRUX os obxectivos de conservación da riqueza natural priman sobre calquera outra actividade que se planifique ou desenvolva dentro deste territorio.

Cómpre lembrar que o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, declarado en 1993, é o máis grande dos seis existentes en Galicia. Ten unha superficie de 29.379,4 hectáreas, en que destaca o predominio da pedra granítica e unha paisaxe que conxuga serras agrestes e suaves, cunha altitude media por riba dos 1.000 metros. O territorio incluído dentro deste parque abrangue seis concellos ourensáns —Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños— e unha poboación de algo máis de 7.200 habitantes.

### **Plan de emerxencias, incendios e especies alóctonas**

Con base na nova zonificación e nas previsións de usos e aproveitamentos, o plan desenvolverase ao redor de catro programas que se centran na conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural do Xurés; no fomento e a promoción da investigación, seguimento e avaliación do territorio; na xestión do uso público para garantir que os visitantes coñezan e gocen dos seus valores naturais, e na mellora e mantemento das infraestruturas, instalacións e equipamentos do parque natural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén prevé un Plan de emerxencias para intervir de forma rápida e eficaz ante posibles eventualidades e presta unha especial atención á prevención e á actuación fronte aos incendios forestais, co fin de minimizar o seu impacto nesta zona.

Así, entre outras cuestións, promoverase o deseño e desenvolvemento dun plan de infraestruturas e accións preventivas fronte ao lume para conservar o medio natural; a posta en marcha de medidas correctoras do territorio afectado de forma reiterada por este fenómeno, en especial, nas zonas húmidas, leitos fluviais e hábitats prioritarios; a redacción dun plan de recuperación e conservación das masas frondosas autóctonas, e a creación de devasas verdes mediante a plantación de árbores, sobre todo frondosas, que actúen, á vez, de conectores ecolóxicos dentro do parque.

Por outra banda e atendendo á atención preferente que merecen os valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos dos parques naturais, o PRUX do Xurés inclúe un ambicioso programa de control e erradicación de especies exóticas invasoras. Neste sentido, entre os seus obxectivos de conservación figura a recompilación de información sobre flora e fauna alóctonas para a partir de aí desenvolver plans de erradicación centrados en cada unha destas especies. En función dos datos obtidos, valorarase ou ben a erradicación ou ben a redución drástica da súa presenza, segundo o caso.

### **Orzamento para 2022 e 2023**

Considerando os obxectivos establecidos no plan reitor do Xurés, e de acordo coas previsións de usos e aproveitamentos e os orzamentos establecidos para a conservación do parque, o plan económico do PRUX durante a próxima década prevé un investimento de, como mínimo, 2 millóns de euros, dos cales 375.000 euros corresponden ás dúas primeiras anualidades –171.000 euros este ano e 204.000 euros en 2023–.

Para os restantes exercicios, ata 2032, desenvolveranse memorias específicas segundo as dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e unha vez establecido se o novo marco dos fondos europeos permitirá dispoñer de achegas adicionais para investir no Xurés nos vindeiros anos.

As contías incluídas no plan reitor, en calquera caso, non contemplan todos os investimentos previstos pola Consellería na zona. De feito, ademais dos gastos correntes e daqueles correspondentes ao persoal que traballa no parque –uns 630.000 euros anuais para un cadro de persoal de 20 traballadores–, tamén cómpre lembrar que, cada ano, convócanse dúas ordes de axudas dirixidas a subvencionar actuacións, de iniciativa pública ou privada, que contribúan á posta en valor dos parques naturais galegos e das reservas da biosfera. O Xurés conta con ambas figuras de protección polo que a previsión é que reciba uns 420.000 euros ao ano ao abeiro da primeira destas liñas e uns 230.000 euros no caso da segunda.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, cómpre subliñar que os fondos europeos xa asignados a Galicia para financiar actuacións e proxectos en materia de biodiversidade —máis de 25 millóns de euros para mobilizar a través de sete programas de actuación no período 2022-2023— tamén terán unha incidencia directa neste parque natural.

A maiores e grazas tamén ao financiamento da UE, no centro de interpretación do parque natural levaranse a cabo obras de rehabilitación enerxética financiadas a través do Plan PIREP (Programa de impulso a la rehabilitación de edificios públicos), que consistirán, basicamente, na mellora da envolvente térmica do inmoble. Cun orzamento estimado de 600.149 euros, actualmente estase redactando o proxecto básico e de execución da obra, que se licitarán este mesmo ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE LUGO DA RÚA FERMÍN RIVERA, COINCIDENTE COA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2911

- Transfírese o treito de 703 metros lonxitude, con inicio no cruzamento coa estrada vella de Santiago, na intersección da Ponte Vella, e finalización nas proximidades da Igrexa de San Lázaro
- A entidade local terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lugo da estrada provincial LU-P-2911, denominada rúa Fermín Rivera.

A entidade local solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión desta estrada provincial, de 703 metros lonxitude, con inicio no cruzamento coa estrada vella de Santiago, na intersección da Ponte Vella, e finalización nas proximidades da Igrexa de San Lázaro.

A Administración provincial aceptou a solicitude do Concello da transferencia da titularidade desta vía provincial, entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+703.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia da LU-P-2911, que une Ponte de Lugo e San Lázaro.

A transferencia a prol do Concello de Lugo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O NOVO DECRETO DE ADMISIÓN ESCOLAR INTRODUCE PUNTUACIÓNS POR SER VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU DE TERRORISMO E AUMENTAAS POR PROXIMIDADE AO CENTRO**

O Consello da Xunta aprobou a normativa autonómica, avalada polo Consello Consultivo, que incorpora as modificacións da lei estatal no que atinxe a algúns criterios de admisión

O Consello da Xunta aprobou o novo decreto polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en Galicia, concretamente os criterios, a súa ponderación e outros aspectos esenciais do procedemento de admisión aplicables ao curso 2022/23, que se abrirá o 1 de marzo de 2022.

O texto aprobado hoxe, que conta co aval do Consello Consultivo de Galicia, incorpora unha serie de modificacións sobre algúns dos criterios de admisión e a súa puntuación, en liña co establecido na lei estatal, ao tempo que se introducen pequenas cuestións de carácter técnico para acadar unha maior simplificación e clarificación do procedemento.

Entre as novidades cómpre destacar a incorporación de dous novos criterios de admisión que son a condición de vítima de violencia de terrorismo e de violencia de xénero, así como o aumento da puntuación por proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo ao centro escolar. Tamén se introduce o parto múltiple como un criterio independente (ata o de agora integrado co de irmán no centro).

Así pois, no caso de ter a condición de vítima de terrorismo ou de violencia de xénero, criterios novos que ata o de agora non se recollían, a puntuación recibida será de 2 puntos para cada un deles.

Outro dos cambios introducidos é elevar a puntuación nos criterios de proximidade do domicilio familiar ata 8 puntos (fronte aos 6 actuais) se está na área de influencia, e pasa de 3 a 4 puntos no caso de estar na zona limítrofe á área de influencia. No que atinxe ao criterio de proximidade do lugar de traballo ao centro, elévase a 6 puntos (fronte aos 4 actuais) para a área de influencia e pasa a 3 puntos (ata o de agora 2) para a zona limítrofe á área de influencia.

Así mesmo, no caso de alumnado nado de parto múltiple, atribúeselle unha puntuación de 8 puntos para dous, e 10 puntos para máis de dous.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe á preferencia de escolarización extraordinaria por traslado da unidade familiar, introdúcese a discapacidade sobrevida de calquera dos membros desa unidade como una nova causa que se suma á mobilidade forzosa e a violencia de xénero.

Ademais, axústase á limitación de que a puntuación de cada criterio de admisión non pode superar o 30 % da puntuación total. Isto supón que para o criterio de irmán no centro mantense a puntuación actual (8 puntos polo primeiro irmán e 2 puntos adicionais por cada irmán máis), pero coa limitación de 14 puntos como máximo.

En caso de empate entre aspirantes a unha praza nun centro escolar, a forma de desempatar será a maior puntuación en cada un dos criterios establecidos segundo a orde establecida. En liña con isto, o primeiro criterio de desempate será o de irmán no centro; o segundo, o de proximidade do domicilio ou lugar do traballo; o terceiro, a renda per capita-da unidade familiar, e así sucesivamente. En caso de persistir o empate, ao igual que ata o de agora, o desempate farase por sorteo público.

Doutra banda, o novo texto tamén recolle, de xeito explícito, a participación das administracións locais nas determinacións das áreas de influencia, cuestión que en Galicia, na práctica, xa esta asegurada a través dos consellos escolares municipais. Así mesmo, menciónase o principio de representación equilibrada entre homes e mulleres na composición das comisións de escolarización.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2022 DA COOPERACIÓN GALEGA QUE INCREMENTA UN ANO MÁIS O SEU ORZAMENTO NUN 5,2 %

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan que conta cun orzamento de 7,8M euros, o que supón un incremento de 386.452 € máis que no ano 2021
- Tamén se deu o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se prorroga o IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021 ata o ano 2022

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2022 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cunha dotación orzamentaria de 7,8 millóns de euros, o que supón un incremento de 386.452 euros respecto ao ano pasado, un 5,2 % máis de incremento anual do programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento. O Plan foi informado favorablemente polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), na súa reunión da pasada semana.

Entre as actuacións a que se dará cobertura destacan os 27 proxectos aprobados na convocatoria do ano 2021 de proxectos no exterior dos axentes de cooperación, por un total de 2.906.569 €; os 13 proxectos aprobados na convocatoria do 2021 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, por un total de 300.000 €; 5 proxectos aprobados na convocatoria do ano 2021 de subvencións para proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento promovidos polos grupos e centros de investigación das universidades galegas, por un total de 74.962 €.

Ase mesmo, darase cobertura ás 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento convocadas no ano 2021, cunha dotación orzamentaria de 65.200 € ata a finalización do período de formación, no mes de setembro de 2022 e publicarase unha nova convocatoria no ano 2022.

Ademais de diferentes convenios de colaboración, como son o convenio con Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para a execución do proxecto Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique; o convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz para a execución do proxecto Activistas polo mundo que queremos 2021-2022 no marco do plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Haberá novas convocatorias de subvencións para proxectos, principalmente destinadas ás ONGD, como as subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación cunha dotación total de 5.400.000 € o que supón un incremento dun 8 % respecto ao 2021; as subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD) e a cidadanía global promovidos polas ONGD, cunha dotación total de 600.000 € o que supón un incremento dun 20 % na súa dotación respecto á do 2021; a convocatoria de subvencións para proxectos de acción humanitaria, cunha dotación de 400.000 €.

Manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia. Para este fin, ademais da mencionada convocatoria pública de subvencións para proxectos de acción humanitaria, asinaranse convenios de colaboración con Farmamundi, UNICEF, Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e coas axencias das Nacións Unidas ACNUR e UNRWA. Asinarase, ademais, un novo acordo de prórroga do convenio asinado entre a Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria.

Haberá sinatura de convenios no ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, con Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz, e coas tres universidades galegas.

### **Prórroga do IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021**

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se prorroga o IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021 ata o ano 2022.

Hoxe en día, os países socios prioritarios da cooperación galega seguen tendo que afrontar as consecuencias máis negativas do impacto da pandemia e tamén da crise sanitaria, económica e social derivadas da COVID-19.

Polo tanto, resulta necesario que continúe vixente a estratexia de resposta á COVID-19 da cooperación galega, como instrumento que permite concentrar os recursos de forma eficiente nas demandas e necesidades dos países e comunidades sociais durante o actual proceso de afrontamento da pandemia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 630.000 € AO IMPULSO DA Q DE CALIDADE A TRAVÉS DUN CONVENIO TRIANUAL CO CLÚSTER DE TURISMO

- O obxectivo do convenio asinado co Clúster de Turismo de Galicia (CTG), como entidade que representa a maior parte do tecido industrial turístico galego, é seguir apoiando a implantación en Galicia da certificación da Q de Calidade Turística
- Galicia segue sendo a segunda comunidade autónoma con maior número destas certificacións, ademais de ser líder en dez das categorías

O Consello da Xunta deu conta hoxe do proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción dun novo convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e o Clúster de Turismo de Galicia (CTG) para darlle continuidade á implantación e promoción da certificación Q de Calidade Turística no sector turístico galego. O convenio, cunha duración de tres anualidades, ten un orzamento establecido de 630.000 euros co obxectivo de que Galicia siga medrando como destino turístico de excelencia.

A través deste acordo, o Goberno galego fomenta a colaboración público privada na consecución deste obxectivo común e o Clúster Turismo de Galicia, pola súa banda, como entidade que representa a maior parte do tecido turístico galego, asume o compromiso de implantar, difundir e promover a marca Q de Calidade Turística, amplamente recoñecida como aval de excelencia turística a nivel nacional.

O compromiso entre a Xunta e o Clúster tradúcese en labores de asesoramento e apoio ás empresas galegas para a renovación ou a nova certificación deste recoñecemento outorgado polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), así como en tarefas de apoio para a superación das auditorías do ICTE de cara a concesión anual desta certificación.

#### **Galicia, líder na calidade turística**

Desde 2014 o Goberno galego apoia-se no sector a través do Clúster Turismo de Galicia baixo o obxectivo común de que a mellora da competitividade do sector turístico galego pasa pola aposta pola calidade como factor de diferenciación. Un traballo conxunto que permitiu que Galicia acadara en 2020 o maior número de certificacións Q de toda a súa historia, con 328 distincións, revalidando o segundo posto en número absoluto como comunidade autónoma con maior número de distincións, só por detrás de Andalucía, un posto que se mantivo en 2021.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pero, ademais, Galicia segue sendo líder en dez das categorías no conxunto de toda España: hoteis, restauración, axencias de viaxes, aloxamentos rurais e albergues turísticos, nos que fomos pioneiros, balnearios e portos deportivos así como en servizos complementarios como os de turismo activo ou turismo industrial. Galicia tamén é líder e foi pioneira na implantación de novas categorías: espazos públicos senlleiros, dos que posuímos os únicos recoñecidos coa Q de Calidade Turística en toda España, e Aloxamentos Sostibles, dos que en Galicia se atopan os únicos nove.

A través deste convenio a Xunta segue mantendo o apoio ás empresas galegas na implantación da calidade turística como fío vertebrador e diferenciador deste destino, e na súa aposta por este selo certificador.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO CENTRO DE PROCESADO DE CARNE DE LUGO EN QUE COREN PREVÉ INVESTIR 10M€**

- A empresa estima a creación de máis dun centenar de postos de traballo entre emprego directo e indirecto
- A proposta inclúe a construción dunha nova nave industrial, así como a adquisición de maquinaria, equipamento e software, reforzando así a capacidade de produción da compañía e abrindo novas oportunidades de negocio
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que busca potenciar a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata agora, son oito iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global de preto de 120M€ e máis de 400 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación de Novafrigsa, o centro de procesado de carne de Coren en Lugo, o que permitirá reducir á metade o prazo de tramitación da iniciativa, mantendo ao mesmo tempo todas as garantías xurídicas.

A proposta, na cal a compañía prevé mobilizar investimentos por valor de 10 millóns de euros, integra a construción dunha nova nave industrial, así como a adquisición de maquinaria, equipamento e software, reforzando a capacidade de produción da empresa e abrindo novas oportunidades de negocio. Neste sentido, ao automatizar a liña de despezamento, a clasificación do produto, o seu almacenamento e o *picking*, Coren busca transformar a industria nunha organización intelixente coa que aumentar a produtividade, mellorando a calidade do produto e as condicións dos traballadores. Deste xeito, a firma agarda obter mellores resultados de negocio.

Esta declaración -aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia Segunda- enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso concreto, pode facilitar o desenvolvemento dunha iniciativa que permitirá crear máis dun centenar de postos de traballo entre emprego directo e indirecto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar que Galicia é a comunidade con máis cota de produción de gando vacún con indicación xeográfica protexida de carne, concretamente a IXP Ternera Gallega, cun 55 % da cota nacional. Neste marco, e coas características do proxecto, ábrese unha oportunidade de negocio para a cría de gando destinado ao sector cárnico, ao existir demanda de reses, podéndose crear varios modelos de negocio.

Ademais, as granxas de vacas de leite poderán complementar a súa actividade coa creación de cría de gando vacún. Deste xeito, configúrase un proxecto de economía circular e unha oportunidade de crecemento do sector, facilitando a creación de emprego.

O proxecto súmase ás sete iniciativas empresariais prioritarias xa declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira) e Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense). Polo tanto, a partir destes oito proxectos, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 130M € e o compromiso de xerar máis de 400 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica, tamén, a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina *Doing Business*, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial. Neste marco, a ampliación do centro de procesado de carne de Coren en Lugo contribuirá a consolidar un sector estratéxico para Galicia, supoñendo un efecto tractor na economía.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AOS ACORDOS PARA A REPARTICIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO EN 2022, QUE ASCENDE A MÁIS DE 469M€

- A nova folla de ruta é a máis ambiciosa da historia e mobilizará arredor de 3.200M € no próximo lustro
- Súmase a unha achega de 4,5M € como anticipo do Plan de mellora de infraestruturas, xa recibida por USC, UDC e UVigo
- Os fondos comprometidos para o ano 2022 supoñen un incremento do 5,4 % respecto do 2021, 24M € máis
- As universidades públicas galegas reciben un financiamento por alumnado moi superior á media nacional que sitúa a Galicia como a terceira comunidade en porcentaxe de PIB destinado

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos acordos que se asinarán con cada unha das tres universidades públicas galegas para a posta en marcha do Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026, cuxo orzamento para este primeiro ano de aplicación ascende a máis de 469M €. Coa rúbrica destes convenios ratificarase a nova folla de ruta para a universidade galega nos próximos cinco anos, que prevé mobilizar arredor de 3.200M € no próximo quinquenio, o que supón case un 30 % máis ca os inicialmente previstos para o plan no período 2016-2020. Súmase a eles unha achega de 4,5M €, xa transferida ás universidades a finais do ano pasado, como anticipo do futuro Plan de mellora de infraestruturas.

Con este documento, froito do diálogo e o consenso coas universidades galegas, refórzase a planificación económica destas institucións, dándolles cantidades certas a cinco anos vista. Na actualidade reciben un financiamento por alumnado moi superior á media nacional. Neste sentido, Galicia é a cuarta CCAA no importe que reciben as universidades por cada estudante de grao (9.337 €). Achégase ás universidades públicas o 0,71 % do PIB, o que nos sitúa como a terceira comunidade autónoma de toda España, moi por riba do 0,58 % da media nacional.

#### **Financiamento non condicionado**

Os convenios establecen a repartición de 463M € destinados directamente ás universidades de Santiago de Compostela (USC), da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo) do total dos 469,2M € comprometidos para o ano 2022, e que supoñen un incremento do 5,4 % respecto do 2021 (24M € máis). As restantes contías van destinadas a outros conceptos dentro do Sistema universitario de Galicia (SUG), como a Axencia para a Calidade do Sistema ou a Fundación Rof Codina, entre outros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 estrutúrase en dous fondos: *Financiamento non condicionado* e *Financiamento da investigación*. O primeiro deles, que, consta dos orzamentos necesarios para blindar o normal funcionamento das universidades públicas, de plena disposición, é o que maior cantidade de recursos abrangue, case 390M €, o 83 % total do consignado para este ano, dividido en seis subfondos.

Dentro del, o subfondo mellor dotado é o destinado a subvencionar os gastos correntes asociados á docencia, con preto de 260M €. Séguelle o panel de indicadores de resultados, con preto de 61M €, que inclúe 41 indicadores agrupados en seis módulos. Dous deles reflicten o peso fundamental do panel: o módulo de investigación avanzada, que recolle o 43 % da partida e nove indicadores, e o módulo de relacións universidades empresa, cun 25 % da partida e cinco indicadores. É dicir, estes dous grupos recollen case o 70 % do total deste subfondo.

O novo subfondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas, que complementa a devandita achega de 4,5M €, está dotado con 28,3M €, destinados a subvencionar gastos de investimento tales como obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado. No caso do subfondo do plan de viabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, tamén novo, está dotado con case 14,3M €.

### **Fondo da investigación**

Pola súa banda, o segundo fondo, *Financiamento da investigación*, comprende as contías destinadas ao fomento da I+D+i e a transferencia, as de maior envergadura neste punto, con máis de 62,5M € para este ano, e cuxa repartición estará vinculada a convocatorias en concorrencia competitiva, convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades galegas e outros organismos de investigación avanzada, dentro do marco das políticas autonómicas de I+D+i.

A maiores, inclúe os complementos retributivos estatais e as achegas destinadas ao cumprimento de obxectivos funcionais de órganos e entidades asociados ao fomento da I+D+i como a Fundación Rof Codina o Consorcio Interuniversitario de Galicia, o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar, cun orzamento de máis de 12M €

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre sinalar que o Plan de financiamento universitario 22-26 reforza a investigación cun 41 % máis de fondos, ata os 400M €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA PRETO DE 700.000€ ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN DO GALEGO NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

Os acordos, subscritos coas universidades de Santiago, da Coruña e de Vigo, teñen por obxecto o fomento da investigación lingüística e literaria da lingua galega como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinará preto de 700.000 euros ao impulso das actividades de investigación sobre a lingua e a literatura galegas que realiza o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en colaboración coas tres universidades galegas.

Con tal propósito, o Consello da Xunta acaba de autorizar a renovación dos convenios plurianuais entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o período 2022-25. O fin desta cooperación é o de desenvolver proxectos de investigación, fundamentais e substanciais para outros investigadores, que sexan estratéxicos para garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida actual.

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo investigador de referencia en estudos de fundamentación e investigación filolóxicos, lingüísticos, literarios e antropolóxicos de Galicia. Leva colaborando ininterrompidamente coas universidades galegas desde o ano 1995 co fin de promover as humanidades dixitais e así mellorar a infraestrutura para a xestión de datos, os recursos dixitais e as ferramentas que permiten compartilos e reutilizalos. Deste xeito, aumenta a canalización, proxección e recuperación dos datos recollidos e, ao tempo que se optimizan os recursos, contribúese ao acceso igualitario ao coñecemento.

No Centro Ramón Piñeiro desenvólvense proxectos intimamente relacionados coas novas tecnoloxías xa que unha lingua, hoxe en día, non podería cumprir as demandas dos seus usuarios sen desenvolver tecnoloxías da fala, produtos de enxeñaría informática, sen actualizacións terminolóxicas e, en xeral, sen os recursos que permitan cubrir as necesidades da actividade da sociedade actual.

Así, os estudos que se levarán a cabo céntranse nas áreas da Lingüística computacional; en proxectos de Terminoloxía científico-técnica, en bases de datos, como o Atlas Lingüístico Románico, Bibliografía informatizada da lingua galega, Corpus de referencia

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do galego actual, Corpus documentale latinum gallaeciae etc. Pero, tamén, no eido da literatura, en proxectos como o Arquivo Galicia Medieval, Lírica galego-portuguesa, Prosa literaria medieval, Cantigas de Santa María, Bibliografía de Referencia da Literatura Galega Medieval, Dicionarios de literatura, Informe anual de literatura galega, Literatura infantil e xuveni, Dimensións da identidade colectiva de Galicia etc.

Coa renovación destes convenios, a Xunta pon de manifesto o seu compromiso de seguir salvagardando o patrimonio cultural de Galicia, incidindo na dinamización da lingua galega ao situala na vangarda da enxeñaría lingüística. Neste sentido, cómpre subliñar que a aplicación dos coñecementos produto dalgunhas destas investigacións proporcionan novas vías de solución para a mellora do uso dos sistemas informáticos na lingua propia de Galicia, unha estratexia fundamental para fomentar o emprego do galego nos nosos días.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ADQUIRE MATERIAL RADIOLÓXICO PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS POR VALOR DE 8 MILLÓNS DE EUROS

- En concreto, trátase de contrastes iodados non iónicos que reducen as reaccións adversas deste tipo de substancias, e de contrastes de gadolinio de distribución extracelular que aumenta a sensibilidade da resonancia magnética
- O contrato inicial prevé cubrir as necesidades de subministración destes contrastes para os dous próximos anos

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá a contratación da subministración de contrastes radiolóxicos para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. En total, o orzamento de licitación alcanza os 8.009.612 euros e abrangue a subministración destes materiais sanitarios para o período comprendido entre o ano 2022 e o 2024.

Esta contratación recolle a adquisición de dous tipos de contrastes diferentes. Por unha banda, vanse mercar contrastes iodados non iónicos, que se empregan principalmente nos estudos de urografía intravenosa, angiografía e tomografía computerizada, e que contribúen á redución das reaccións adversas en comparación co emprego dos contrastes iónicos. Ademais, tamén se van adquirir contrastes de gadolinio de distribución extracelular, que se empregan máis frecuentemente na práctica clínica, e que aumenta a sensibilidade da resonancia magnética para detectar lesións, amais de permitir realizar estudos vasculares similares á angiografía convencional. Así mesmo, tamén mellora a valoración da vascularización dun territorio anatómico e permite analizar diferentes situacións en pacientes aos cales nos se lles pode inxectar contrastes iodados por problemas de alerxia.

A devandita licitación para a subministración destes contrastes radiolóxicos enmárcase dentro das actuacións da Xunta de Galicia para continuar coa mellora da capacidade diagnóstica por imaxe nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, concretamente nas súas áreas de radioloxía clínica, e continuar coa mellora da capacidade diagnóstica por imaxe.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O NÚMERO DE TITULADOS NA FP GALEGA INCREMENTOUSE EN MÁIS DUN 76 % DESDE 2009, CONSOLIDANDO ESTAS ENSINANZAS COMO UNHA FERRAMENTA CONTRA O ABANDONO**

- Galicia acadou un dato histórico de abandono, do 8,1 %, reducíndoo á terceira parte desde 2009 e situándose como a terceira comunidade con máis éxito escolar
- A implantación da FP Dual e do réxime a distancia, a posta en marcha dos ciclos de grao básico e o incremento xeral da oferta contribuíron ao crecemento da matriculación nestas ensinanzas, de máis do 70 %
- Este curso implantáronse os másteres de formación profesional en sectores punteiros para acadar un novo salto de calidade na cualificación dos titulados da FP galega
- O 36 % dos centros que imparten FP están no rural, o que facilita o acceso a estes estudos
- A Xunta está a ultimar os detalles dunha nova Estratexia galega de FP para seguir avanzando no éxito do modelo destas ensinanzas como unha prioridade estratéxica do Goberno galego

O número de titulados nas ensinanzas de Formación Profesional en Galicia incrementouse en máis dun 76 % desde o curso 2009/10, ata superar as 18.200 no pasado ano académico, consolidando estas ensinanzas como unha ferramenta contra o abandono educativo temperá. Non en balde, as taxas de graduación da nosa Comunidade na FP están entre as máis altas de España tanto en grao básico como en medio e superior, superando o 35 % neste último caso, só por detrás de País Vasco e Cantabria.

Cómpre lembrar que Galicia acadou o histórico rexistro do 8,1 % de abandono escolar, o máis baixo desde que existen datos e que nos sitúa entre as tres comunidades con maior éxito escolar, tamén tras País Vasco e de Cantabria. Este fito supón reducir esta taxa a unha terceira parte respecto do 25,8 % rexistrado no ano 2009.

Segundo o informe analizado hoxe no Consello da Xunta, o número de persoas matriculadas na FP galega tense incrementado en máis dun 70 %, ata situarse neste curso en arredor de 60.000 alumnos. Na actualidade en Galicia impártense 162 ciclos formativos e másteres de FP diferentes en 23 familias profesionais, o que supón un incremento de case o 50 % na oferta desde 2011/12, máis de 10.000 prazas máis.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este incremento foi posible ao abeiro da aposta estratéxica realizada polo Goberno galego desde 2009, que incluíu tanto a posta en marcha de novas modalidades como a expansión das redes de Centros Integrados de FP (CIFP).

### **Novas oportunidades**

Desde 2009 ata hoxe na FP galega implantáronse ciclos formativos de grao básico, medio e superior, así como cursos de especialización -os másteres-, que supoñen oportunidades de cualificación para sectores moi determinados da poboación.

Por unha banda, a FP Básica constitúe unha ferramenta fundamental para a loita contra o abandono do alumnado que non remata a educación secundaria obrigatoria. Este curso están matriculados nestes estudos arredor de 5.000 rapaces.

Por outra banda, a FP a distancia, de especial importancia para as persoas traballadoras que desexan mellorar a súa formación, e que conta este curso con arredor de 8.000 alumnos. Esta modalidade complétase coa intensificación dos procesos de acreditación de competencias adquiridas ao longo da vida laboral. Desde 2011 expedíronse máis de 42.000 acreditacións a preto de 11.000 persoas e en 2021, por primeira vez, estendeuse o proceso de acreditación de competencias profesionais a todo o ano e a todas as familias profesionais, sen necesidade de que se abra unha convocatoria específica.

Así mesmo, no curso 2012/13 púxose en marcha a FP Dual, na cal hoxe hai máis de 2.000 matriculados. A demanda da cidadanía nestes ciclos é tal que neste curso se abriron 99 proxectos con 1.436 prazas (un 80 % máis ca no 2019/20, tamén afectado pola pandemia). Xa son 57 os centros que desenvolven estas ensinanzas e 571 as empresas que colaboran, un 23 % máis de compañías implicadas ca no curso anterior.

### **Salto de calidade**

A maiores, e co obxectivo de dar un novo salto de calidade á formación que reciben os estudantes en Galicia, a Xunta implantou este ano os novos másteres de FP. Trátase de cursos de especialización en sectores punteiros como fabricación intelixente ou a implementación de redes 5G, entre outros, que permiten incrementar as opcións laborais dos recién titulados.

En total ofertáronse 13 titulacións distintas coas que se constituíron 22 grupos en 19 centros. Hoxe cursan estes másteres 370 persoas.

### **O peso do rural**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O éxito da FP é tamén posible grazas á diversa implantación dos ciclos formativos ao longo e ancho do territorio galego. Non en balde, o 36 % dos 216 centros que imparten ciclos formativos están nunha contorna rural.

A provincia con máis centros é A Coruña (86), seguida da de Pontevedra (75), Lugo (30) e Ourense (25). A provincia con máis centros no rural é tamén A Coruña (30), seguida da de Lugo (19), Pontevedra (17) e Ourense (12).

Hai, neste cómputo, un total de 23 centros integrados de formación profesional (CIFP), fronte aos 11 que había no 2009. Representan o 13 % do total dos centros, atenden o 46 % do alumnado e contan con certificación de calidade ISO 9001: 2015.

### **Internacionalización**

Outra das áreas en que se avanzou de xeito significativo nestes últimos anos é no camiño cara á internacionalización da FP. Neste sentido, no curso 2017/18 implantouse o plurilingüismo nestas ensinanzas e hoxe xa son preto de 2.150 os alumnos que cursan algún dos 104 ciclos plurilingües en funcionamento en 26 centros.

Así mesmo, impulsouse a mobilidade dos estudantes, de tal forma que participan no programa Erasmus en FP un total de 3.918 estudantes desde 2010. Ademais, na última década participaron noutras mobilidades fóra da Unión Europea 44 alumnos.

### **Innovación e emprendemento**

Finalmente, e tamén coa finalidade de favorecer a colaboración coas empresas e a inserción laboral, traballouse en novas vías. Por unha banda, a convocatoria de proxectos de innovación profesional da FP, en colaboración coas empresas. Desde 2013 presentáronse 457 proxectos, dos cales 243 foron premiados. O importe destinado multiplicouse case por dez.

No que atinxe ao emprendemento, case se quintuplicaron os viveiros de empresa en centros educativos, ata os 29 que existen na actualidade. Ademais, este curso puxéronse en marcha as aulas de emprendemento, con 31 espazos en CIFP e institutos.

As aulas de emprendemento facilitan que o alumnado conte cun soporte administrativo, técnico e de infraestruturas nas primeiras fases dun proxecto emprendedor, similar ao dun marco de desenvolvemento dunha *startup*. Para iso, os centros participantes proporcionan un sistema de orientación, guía e titorización das ideas emprendedoras achegadas polo propio alumnado, en particular do alumnado que está próximo a finalizar os seus estudos. Se o proxecto alcanzou un nivel de madurez suficiente para a

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa posta en marcha e requirise dun espazo para o seu desenvolvemento, desde a aula faranse as xestións necesarias para a súa integración nun viveiro da Rede de viveiros de empresa en centros educativos da Xunta de Galicia.

No marco da iniciativa, realizaranse tamén actividades formativas para o fomento das habilidades e competencias que o alumnado debe adquirir para ter un enfoque emprendedor, tales como as persoais, sociais, relacionais, de comunicación, de definición de produto ou de desenvolvemento de prototipos e propostas.

### **Nova estratexia**

A Xunta de Galicia está a ultimar os detalles dunha nova Estratexia galega de FP para seguir avanzando no éxito do modelo destas ensinanzas como unha prioridade estratéxica do Goberno galego. Trátase da folla de ruta para o desenvolvemento destas ensinanzas nos próximos anos que estará centrada na potenciación da rede de centros referentes de FP, nunha oferta flexible e adaptada ás demandas do tecido produtivo e na colaboración co tecido empresarial. Tamén se impulsará a innovación e a dixitalización, a personalización da formación, a FP Dual e a acreditación de competencias, ao tempo que se potenciará a mobilidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA NOVA ORDE DE RESPIRO FAMILIAR CON AXUDAS DE ATA 1500 PARA ESTANCIAS EN RESIDENCIAS E DE 1000 PARA O PAGAMENTO DUN COIDADOR NO FOGAR**

- O Goberno galego inviste 600.000 euros para facilitar o descanso dos cuidadores habituais de persoas dependentes ou con discapacidade
- Será posible xustificar estancias temporais desde o 1 de decembro de 2021 ata o 30 de novembro deste ano

O Consello da Xunta acaba de coñecer a nova orde de Respiro familiar que permite que persoas dependentes ou con discapacidade realizan estancias temporais en residencias que facilitan o descanso dos seus cuidadores habituais. Este programa financiará o 100 % dunha estadía en calquera centro residencial de Galicia sen límite de tempo e ata un máximo de 1500 euros, ou alcanzará un máximo de 1000 euros para aboar o custo dun cuidador no fogar.

O Goberno galego investirá 600.000 euros na nova convocatoria, na cal se poderán xustificar estancias temporais desde o 1 de decembro de 2021 ata o 30 de novembro deste ano, sempre e cando se conte co correspondente informe do traballador social que o acredite.

O principal obxectivo é facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos cuidadores. Poderase acceder á axuda se a persoa ou persoas que ela atende sexan residentes na Comunidade. Ademais, a persoa a que atende debe ter recoñecida un grao II ou III de dependencia, ou ben ter acreditado, mediante informe médico e social, a necesidade axuda de terceiros para actividades da vida diaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIU EN 2021 MÁIS DE 4,4 MILLÓNS DE EUROS PARA SUFRAGAR O MANTEMENTO E A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE GALICIA

- O Goberno galego está axudando a 86 concellos de Galicia a ofrecer a gratuidade nos seus centros, da que se benefician 2070 nenas e nenos
- Prevese que o ano que vén se benefician desta medida 5.600 nenos e se amplíe a achega a 6,9 millóns
- Galicia conta cunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 25.000 prazas, e é a cuarta Comunidade con maior taxa neta de matriculación

O Consello da Xunta acaba de coñecer un informe que analiza a aplicación da gratuidade nas escolas infantís municipais de Galicia. Esta medida pioneira, que comezou cos segundos fillos e sucesivos e que no vindeiro curso se ampliará aos primoxénitos, beneficiou a 2070 nenas e nenos de centros de administracións locais, para os que o Goberno galego achegou no 2021 máis de 4,4 millóns de euros.

Esta partida inclúe tanto a achega que fai a Administración autonómica para o mantemento das escolas infantís municipais como a que realiza para garantir o custo cero, tanto da matrícula como da atención educativa, ás familias.

Actualmente son 86 os concellos que se están a beneficiar da gratuidade do primeiro ciclo de educación infantil. O Goberno galego prevé que se todos os concellos se adhiren a esta medida, achegaríanselle 6,9 millóns de euros, que permitiría que o número total de beneficiados destes centros ascenda a 5.650 nenos.

Os únicos requisitos que deben cumprir os concellos que se queiran adherir a este programa, aos cales non lles supón ningún custo adicional, son aplicar os prezos públicos da Xunta de Galicia e estar ao día nas súas débedas co Consorcio Galego de Benestar, tal como establece a lei. Esta situación impide na actualidade beneficiarse a concellos como A Coruña, Betanzos ou Vigo.

#### **Máis de 25.000 prazas**

Galicia conta cunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 25.000 prazas, o que a converte na cuarta Comunidade con maior taxa neta de matriculación nesta etapa, que se sitúa no 42,9 %, 7 puntos por riba da media española (36 %) e superando amplamente a ratio recomendada pola Unión Europea (33 %).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PON 1,9 M€ A DISPOSICIÓN DO SECTOR MARISQUEIRO PARA A REXENERACIÓN DAS SÚAS ZONAS DE TRABALLO**

- O Executivo autonómico destina 1,6 millóns de euros á convocatoria de 2022 de achegas a proxectos colectivos para a conservación e restauración de biodiversidade e 300.000 euros á dirixida a mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción
- Con estas convocatorias de apoios, publicadas esta semana no *Diario Oficial de Galicia*, a Xunta subvenciona sementeiras para mellorar a produción dos bancos marisqueiros e a protección dos ecosistemas e tamén a achega de agregados para promover a reprodución de organismos mariños
- Ao abeiro destas axudas, a Consellería do Mar apoiou a repoboación de áreas marisqueiras con arredor de 240 millóns de unidades de semente de ameixa desde o ano 2010

A Xunta de Galicia pon á disposición do sector 1,9 millóns de euros para accións de rexeneración e repoboación dos bancos marisqueiros. Faino a través das convocatorias de 2022 de dúas liñas de axudas publicadas esta semana no *Diario Oficial de Galicia*, tal e como reflicten sendos informes analizados hoxe no Consello da Xunta sobre estes apoios.

Unha das liñas de axuda é a destinada a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, que conta cun orzamento de 1,6 millón de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Entre as actuacións subvencionables que inclúe están a repoboación ou reintrodución de especies autóctonas, polo que permite as sementeiras para recuperar os bancos que presenten elevadas mortalidades. Con esta liña de axudas tamén se subvencionan outras accións como a achega de agregados e a descompactación de substrato para promover a reprodución de organismos mariños. A elas súmanse outras accións como as destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras ou a reducir a contaminación. O importe máximo subvencionable por proxecto é de 75.000 euros (sen IVE).

A segunda convocatoria de achegas, cun orzamento de 300.000 euros financiados con fondos propios da comunidade autónoma, é para proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción das especies obxectivo polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitud. Neste caso o importe máximo subvencionable por proxecto será de 15.000 euros (sen IVE).

Estas dúas liñas de axudas poden empregarse para paliar os efectos de episodios como os temporais que poden debilitar o marisco e provocar certa mortalidade nos bancos. Ambas permitirán ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras conservar o recurso, a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras e evitar a perda de zonas naturais.

Ao mesmo tempo estes apoios contribúen ao desenvolvemento de proxectos para fomentar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia e unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, importante para o mantemento da biodiversidade dos ecosistemas. O prazo de presentación de solicitudes a ambas convocatorias é dun mes desde a súa publicación no DOG.

Un exemplo de accións que se subvencionan ao abeiro destas achegas son as sementeiras de moluscos. De feito, ao abeiro delas, a Consellería do Mar apoiou a repoboación de bancos marisqueiros con arredor de 240 millóns de unidades de semente de ameixa desde o 2010. As actuacións realizadas a través destas achegas e outras accións permitiron rexenerar desde ese ano máis de 15 millóns de m<sup>2</sup> de zonas de marisqueo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA